

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 21.02.2019 Hora: 16:00

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 21 de febreiro de 2019, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 42520 (10/POC-006652)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas a adoptar pola Consellería de Cultura e Turismo destinadas a asegurar a protección dos campamentos romanos localizados en Lugo e Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.2 43494 (10/POC-006899)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as características básicas do edificio que albergará o futuro CEIP Sagrado Corazón, as previsións da Xunta de Galicia para a adxudicación e execución das obras e a situación dos compromisos adquiridos polo Concello de Lugo respecto da dotación de infraestruturas necesarias para o servizo educativo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.3 45496 (10/POC-007271)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da exclusión da lingua galega da dobraxe do novo filme da franquía Dragon Ball, así como as xestións realizadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.4 45735 (10/POC-007308)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre a implantación, a resposta dos centros e do alumnado e a valoración por parte do Goberno galego dos programas "PluriBach" e "Bacharelato de excelencia"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.5 45747 (10/POC-007310)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os criterios da Xunta de Galicia no deseño do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego, a proposta realizada ás universidades e ao Campus Terra de Lugo, así como a opinión respecto aos posibles prexuízos da supresión e traslado dalgunhas titulacións deste campus
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 44480 (10/PNC-003567)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o mantemento por parte do Goberno galego do funcionamento da escola unitaria de Aios, no concello de Sanxenxo, e a elaboración dun plan de promoción das escolas unitarias, así como dun plan específico de ensino no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019
- 2.2 45715 (10/PNC-003677)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia á declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural de cincuenta e cinco elementos patrimoniais da arte románica excluídos en quince concellos das provincias de Lugo e Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 15/02/2019 14:12:42



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 42520(10/POC-006652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas a adoptar pola Consellería de Cultura e Turismo destinadas a asegurar a protección dos campamentos romanos localizados en Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4ª., Educación e Cultura**.

A equipa multidisciplinar de investigadores do grupo Romanarmy, no que participan profesores da USC, acaba de dar a coñecer os primeiros resultados do seu estudo sobre catro novos campamentos romanos localizados en Lugo e Ourense.

Estes campamentos son:

A Penaparda, no concello de A Fonsagrada, cunha extensión dunhas 10 hectáreas que foi escavado nunha intervención promovida polo Concello e financiada pola Deputación de Lugo.

Monte de Verín, no concello de Pol, un recinto dunha grande extensión, moi próximo ao castro de Viladonga, puido albergar entre 6.600 e 8.600 soldados, un dos máis grandes do noroeste peninsular.

Penedo dos Lobos, no concello de Manzaneda a case 1.500 metros de altitude, cunhas 2,4 hectáreas, conserva as catro portas de entrada.

Cabeza do Pau, no concello de Petín, tamén radicado a unha importante altitude.

Os investigadores afirman que serían necesarias máis prospeccións con axuda de equipas de teledetección e sondeos arqueolóxicos, para mellorar a caracterización dos sistemas defensivos e tomar mostras para a súa datación, pero tamén alertan de que corren un serio risco de desaparición senón se toman as medidas adecuadas para a súa protección.

Polo exposto, a deputada e o deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2019 10:30:50
Nº Registro: 42520
Data envío: 07/01/2019 10:30:50.723

1.ª) Vai adoptar a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, algunha medida para asegurar a protección destes campamentos militares romanos?

2.ª) Cales serían estas medidas?

3.ª) Cando serían adoptadas?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/01/2019 13:26:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/01/2019 13:27:01



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 43494(10/POC-006899)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as características básicas do edificio que albergará o futuro CEIP Sagrado Corazón, as previsións da Xunta de Galicia para a adxudicación e execución das obras e a situación dos compromisos adquiridos polo Concello de Lugo respecto da dotación de infraestruturas necesarias para o servizo educativo

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Martín Fernández Prado e Jaime Castiñeira Broz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Goberno galego traballa co obxectivo de seguir avanzando nunha educación pública máis completa e coas mellores infraestruturas educativas posibles e, con este obxecto, está a desenvolver iniciativas dirixidas á ampliación ou mellora dun importante número de centros de ensino.

Dentro deste compromiso xeral debemos incluír a construción do novo CEIP Sagrado Corazón, que estará emprazado neste singular barrio da cidade de Lugo, e que virá a substituír ao actual colexio, que ocupa unhas instalacións cedidas por Abanca.

En decembro de 2018 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional licitou a obra de construción destas novas instalacións educativas, ás que destina un orzamento de 4,6 millóns de euros.

O obxectivo final é dispoñer dun novo colexio con 18 unidades, e capacidade para 450 alumnos que dará servizo ao alumnado do barrio Sagrado Corazón e o seu contorno, asumindo a zona de influencia do CEIP existente e, ademais, aos futuros escolares residentes nas novas vivendas que xurdirán como consecuencia do desenvolvemento dos novos polígonos de uso residencial previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

A maiores, co obxecto de facer realidade este proxecto, a Xunta de Galicia formalizou co Concello de Lugo un convenio de colaboración no que a administración local se compromete, entre outras cuestións, a garantir que os terreos onde se pretende a execución da obra en fase I estean dotados, ao pé da parcela, dos usos urbanísticos e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo (abastecemento de auga,





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 12:29:17
Nº Rexistro: 43494
Data envío: 15/01/2019 12:29:17.860**

subministración eléctrica, saneamento e rede de sumidoiro) e a facelo, con carácter previo ao inicio das obras, así como a achegar os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

Polo exposto os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as características básicas, desde o punto de vista dos equipamentos educativos, do edificio que albergará o futuro CEIP Sagrado Corazón?
2. Que previsións manexa a Xunta de Galicia para a adxudicación da obra? ¿Cal é o prazo de execución dos traballos?
3. En que situación se atopan os compromisos adquiridos polo Concello de Lugo respecto do futuro colexio, en particular, a dotación na futura parcela na que se construírá o novo centro dos usos urbanísticos e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2019 12:25:33

César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2019 12:25:41

María Antón Vilasánchez na data 15/01/2019 12:25:43

Teresa Egerique Mosquera na data 15/01/2019 12:25:50

Carlos Gómez Salgado na data 15/01/2019 12:25:59

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2019 12:26:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 15/01/2019 12:29:17
Nº Rexistro: 43494
Data envío: 15/01/2019 12:29:17.860

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2019 12:26:15

Martín Fernández Prado na data 15/01/2019 12:26:22

Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2019 12:26:30



CSV, REGISTRO-9MzJevivv-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 45496(10/POC-007271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da exclusión da lingua galega da dobraxe do novo filme da franquía Dragon Ball, así como as xestións realizadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:16:57
Nº Rexistro: 45496
Data envío: 06/02/2019 10:16:57.659

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre o cumprimento do Plan Xeral de Normalización Lingüística no ámbito cinematográfico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto

En 2019 chegou ás salas de cinema comerciais o filme *Dragon Ball Super: Broly*, o vixésimo filme da franquía *anime Dragon Ball* que marcou, entre outras, a infancia e adolescencia de milleiros de galegas e galegos cando foi emitida, durante os anos '90, no programa *Xabarín Club* da TVG.

O filme recibiu, desde a súa estrea nos EUA, excelentes críticas e conseguiu ocupar o terceiro lugar entre as que máis entradas venderon o que auguraba, á súa chegada ao Estado español, importantes éxitos.

A distribuidora SelectaVision foi a encargada de comercializala no estado e fíxoa chegar ás salas de cinema dobrada ao castelán, o catalán e o euskera, mais non ao galego, para sorpresa e enfado do público do noso país entre os que *Dragon Ball* ten numerosas siareiras e siareiros.

CSM-REXISTRO-SULTRVWVW-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:16:57
Nº Rexistro: 45496
Data envío: 06/02/2019 10:16:57.659

O feito de que o filme sexa dobrado ás demais linguas oficiais e non ao galego pon, máis unha vez, de manifesto a presenza residual que a lingua propia de Galiza ten nas salas de cinema do noso país onde practicamente nunca –con honrosas e exitosas mais tamén contadas excepcións-- podemos visualizar algún filme en galego.

A exclusión da lingua galega na dobraxe e distribución de *Dragon Ball* non é casual e reflicte o desleixo máis absoluto co que actúa o Partido Popular desde a Xunta de Galiza á hora de garantir os dereitos lingüísticos das galegas e galegos así como, á hora de impulsar as medidas necesarias en materia de política lingüística para abrir espazos de uso ao galego, tamén no cinema.

Neste senso, cómpre lembrar que o Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento en 2004, insta a Xunta a “promover a dobraxe ao galego de polo menos 10 filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais”.

Esta medida, coma tantas outras, é incumplida de maneira reiterada polo Goberno galego malia as constantes denuncias e demandas de, entre outras organizacións e colectivos, o propio BNG.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que lle parece á Xunta de Galiza que se estrese o novo filme da franquía *Dragon Ball* e fose o galego a única lingua excluída da dobraxe?

- Por que cre o Goberno galego que isto aconteceu?

CSX4 REXISTRO-Su-TPWVW-6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:16:57
Nº Rexistro: 45496
Data envío: 06/02/2019 10:16:57.659

- Dirixiuse nalgún momento a Xunta de Galiza á distribuidora para que se incluíse a dobraxe ao galego? Pensa facelo?

- Por que non cumpre o Goberno galego as medidas previstas no Plan Xeral de Normalización Lingüística, concretamente a promoción da dobraxe ao galego de polo menos dez filmes anuais dos que presenten maiores expectativas comerciais

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2019 10:08:20

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2019 10:08:26

CSX4 REXISTRO-Su-TPWVW-6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:16:57
Nº Registro: 45496
Data envío: 06/02/2019 10:16:57.659

Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2019 10:08:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2019 10:08:30

Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2019 10:08:32

Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2019 10:08:35

CSV REGISTRO-SUBTPWVW-6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 45735(10/POC-007308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a implantación, a resposta dos centros e do alumnado e a valoración por parte do Goberno galego dos programas "PluriBach" e "Bacharelato de excelencia"

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén poñendo en marcha, no que ás ensinanzas de Bacharelato se refire, diversos programas, entre eles os chamados PluriBach e o Bacharelato de Excelencia.

Así, regulou mediante a Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o denominado bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) para o curso 2017/2018.

Este bacharelato ten como finalidade a promoción no alumnado dunha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa e un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

O alumnado participante debe cursar unha materia extracurricular cunha carga lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario, así como actividades complementarias de formación ao longo dos dous cursos de 40 horas, tamén fóra do horario ordinario.

A resposta dos centros da Comunidade Autónoma a esta convocatoria foi mínima, incorporándose catro centros, dous deles públicos e dous privados, sobre un total de 294 centros posibles, é dicir, un 1,3 %. Poderíase pensar que este baixísimo interese podería gardar relación co tardío da convocatoria.

Non obstante, para o actual curso 2018/2019 a convocatoria foi regulada mediante a pertinente Resolución do 2 de abril de 2018 (anunciada no DOG do 3 de abril) que contén idénticas previsións que a do 1 de xuño de 2017 respecto ás materias e formación complementaria que debe cursar o alumnado, así como cando se debe realizar.

O resultado foi o mesmo que o curso anterior: catro centros en total, dos cales dous son públicos e dous privados.

Se consideramos que nesta comunidade autónoma hai 221 centros públicos e 73 privados que imparten bacharelato, atopamos unha evidente desproporción entre a titularidade dos centros e a resposta á convocatoria; 1 de cada 55 no caso dos centros públicos, e 1 de cada 18 no caso dos centros privados.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:39:45
Nº Rexistro: 45735
Data envío: 07/02/2019 17:39:45.875

Tamén se observa unha clara preponderancia de centros situados en contornas claramente urbanas (mesmo cidades) o que puidera ter relación co feito de que o alumnado de bacharelato é usuario habitual do transporte escolar nas condicións previstas no apartado 3º.4 da Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2018-2019 e que ao ter que asistir fóra do horario ordinario ás actividades previstas neste bacharelato.

Por outro lado, mediante Resolución do 12 de xuño de 2018 regulou, de xeito experimental para o curso 2018/19, o chamado bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

Unha modalidade que pretende, ao amparo do que establece o artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, promover a especialización curricular dos Institutos de Educación Secundaria.

A resolución aparece anunciada do DOG do 20 de xuño de 2018, a moi escasos días do remate do curso, impedindo deste xeito o mínimo debate nos claustros de profesores dos centros e deixando a iniciativa en mans dalgúns dos departamentos didácticos concernidos máis directamente por esta experiencia; como ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario, semella que os responsables da consellería improvisan ou acordan sempre a última hora calquera tipo de experimentación.

A proba máis evidente de que os centros non tiveron tempo suficiente para valorar a súa participación é que dos 294 centros que na nosa comunidade autónoma imparten as ensinanzas de bacharelato, tan só 16 (é dicir o 5,44 %) solicitaron participar e deses, 15 (o 5,1%) resultaron seleccionados.

Pero ademais do anterior, dáse a circunstancia de que a maioría dos centros autorizados teñen servizo de transporte escolar o que pode supoñer que pode haber alumnos transportados de bacharelato que non poidan asistir a esa materia extracurricular que se impartirá fóra do horario escolar, salvo que teñan algún medio de transporte propio, o que introduce unha diferenza de acceso inadmisíbel nun sistema equitativo; e de nada serve o argumento de que ao ser ensinanzas non obrigatorias o transporte escolar non é un dereito, posto que como sabe moi ben a consellería, a realidade é que o alumnado de bacharelato e de formación profesional emprega con carácter xeral o transporte escolar de forma gratuíta.

Con respecto aos programas das modalidades de bacharelato expostas o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:39:45
Nº Registro: 45735
Data envío: 07/02/2019 17:39:45.875

1ª) Cantos alumnos en cada centro cursaron a modalidade de bacharelato Pluribach durante o curso 2017/2018?

2ª) Cantos alumnos en cada centro están a cursar esta modalidade de bacharelato durante o curso 2018/2019?

3ª) Ten analizado a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional as causas polas que a modalidade de Pluribach ten tan escasa aceptación?

4ª) Que valoración fai do feito de que a participación dos centros privados triplique a dos centros públicos?

5ª) Considera que o transporte escolar é unha variable explicativa do anterior?

Con respecto ao programa Bacharelato de excelencia:

6ª) Considera o Goberno galego que os centros educativos dispuxeron de tempo suficiente para valorar e debater a súa participación no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía?

7ª) Está satisfeito o Goberno galego coa resposta dos centros?

8ª) Está en condicións o Goberno galego de garantir que ningún alumno desta comunidade autónoma tivo que renunciar á súa participación ao carecer de transporte escolar?

9ª) Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como pensa garantilo, Se for negativa, considera razoable esa situación?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2019 13:33:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2019 13:33:56



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 45747(10/POC-007310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia no deseño do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego, a proposta realizada ás universidades e ao Campus Terra de Lugo, así como a opinión respecto aos posibles prexuízos da supresión e traslado dalgunhas titulacións deste campus

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:03
Nº Rexistro: 45747
Data envío: 07/02/2019 17:49:03.500

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as mudanzas no mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG) previstas pola Xunta de Galiza especialmente en relación ao Campus Terra da USC en Lugo.

A Xunta de Galiza avanzou o pasado ano que iniciaría un proceso de reconfiguración do mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG).

Neste senso, segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, o Goberno galego –a través da Secretaría Xeral de Universidades– trasladou unha proposta ás representantes das distintas universidades e campus do país na que se vería afectado inicialmente e de maneira máis gravosa o Campus Terra da USC na cidade de Lugo.

A proposta, deseñada de maneira unilateral e trasladada pola Xunta de Galiza prevé a supresión de Enxeñaría Química e Civil así como a creación, como titulacións interuniversitarias, de Forestal e Agrícola compartida cos campus da Universidade de Vigo en Pontevedra e Ourense.

CSM-REXISTRO-3pyPm1CZ18
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:03
Nº Registro: 45747
Data envío: 07/02/2019 17:49:03.500

Cómpre lembrar que o campus da USC en Lugo ten unha grande vinculación coa formación universitaria en materia forestal e agraria –sectores de importante relevancia económica para as comarcas de Lugo e do país. A perda de peso, pois, destas ramas de coñecemento suporían un ataque directo ao corazón do Campus, ao que se acuñou como Terra precisamente por esta razón.

A proposta causou importante malestar entre a comunidade universitaria de Lugo.

Para o BNG é fundamental que a Xunta de Galiza desenvolva calquera proceso de mudanza no mapa de titulacións de maneira transparente, dialogada e consensuada –nunca de maneira unilateral-- e tendo presente en todo momento as particularidades daqueles campus –coma o de Lugo-- que se atopan no interior do país afectados pola falta de comunicacións e a perda de alumnado.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que criterios está a seguir a Xunta de Galiza para deseñar o novo mapa de titulacións do SUG?
- Cal é a proposta que ten formulado o Goberno galego ás Universidades?
- E, de maneira específica, ao Campus Terra de Lugo?

CSX REGISTRO-3pyPm1GZr-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:03
Nº Rexistro: 45747
Data envío: 07/02/2019 17:49:03.500

- Non cre a Xunta de Galiza que suprimir e mudar aquelas titulacións que teñen maior vinculación co Campus Terra suporá un grande prexuízo para o mesmo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:45:52

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:45:57

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:45:59

CSV, REGISTRO-3pyPmiTGZr-8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:03
Nº Registro: 45747
Data envío: 07/02/2019 17:49:03.500

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:46:01

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:46:03

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:46:04

CSX REGISTRO-3pyPmTGZt-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 44480(10/PNC-003567)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o mantemento por parte do Goberno galego do funcionamento da escola unitaria de Aios, no concello de Sanxenxo, e a elaboración dun plan de promoción das escolas unitarias, así como dun plan específico de ensino no medio rural

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 11:08:36
Nº Rexistro: 44480
Data envío: 24/01/2019 11:08:36.029



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ao peche da unitaria de Aios en Sanxenxo.

Exposición de motivos

Unha vez máis a espada de Damocles pende sobre a escola de Aios en Sanxenxo que, de non atopar unha alumna ou alumno máis pechará as súas portas no vindeiro curso escolar.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público incluíndo tamén, como non, ás escolas do medio rural. O potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se están a tomar por parte da administración educativa contradinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Prímase o aforro por diante do ensino. O peche das unitarias é unha consecuencia directa da política de aumento do ratio (alumnos/aula), un exemplo máis da aposta por centros educativos grandes, fríos e alonxados, un máis dos continuados desprezos da Xunta de Galicia ás principais correntes pedagóxicas e, en resumo, unha medida que prexudica a nenos, nenas e familias para obter unha pequena mellora nos orzamentos galegos que, seguramente, irá parar nas mans dalgunha empresa amiga do PP.

CSM-REXISTRO-eP/uh2hd-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso é preciso apostar pola discriminación positiva do ensino no rural, como forma de paliar no posible o desequilibrio territorial.

Pensamos que cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa abandonando a lóxica economicista para centrarse nunha óptica que poña ao alumnado no centro, pensando nos seus dereitos e entendendo a educación como o investimento máis importante que se pode facer nun país, non como un gasto.

Esta nova visión deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Manter aberta a unitaria de Aios.
- Elaborar un plan de promoción das escolas unitarias.
- Elaborar un plan específico de ensino no rural.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 11:08:36
Nº Rexistro: 44480
Data envío: 24/01/2019 11:08:36.029



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 10:55:26

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 10:55:37

Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 10:57:07

CSX4 REGISTRO-DPIJINZND-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 21.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 45715(10/PNC-003677)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia á declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural de cincuenta e cinco elementos patrimoniais da arte románica excluídos en quince concellos das provincias de Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:03:32
Nº Rexistro: 45715
Data envío: 07/02/2019 17:03:32.305



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As políticas negligentes da Xunta levan demasiado tempo poñendo en perigo o patrimonio galego. Segundo parece, ao Goberno de Núñez Feijóo non lle preocupa o suficiente o noso rico legado cultural, como demostra o feito de que tódolos anos teñamos que denunciar a deterioración de centos de bens patrimoniais de enorme valor.

O goberno popular non entende que o patrimonio cultural, que condensa os valores, as tradicións e as manifestacións artísticas dun pobo, é un rico legado que temos a obriga de preservar, difundir e legar ás xeracións futuras. Non entende que o patrimonio conta cun inmenso potencial para xerar oportunidades de crecemento social e económico que contribuirían a fixar a poboación no territorio. Tampouco entende que o seu coidado nos compete a todas, pero moi especialmente ás diferentes administracións, que deben poñer os medios materiais e humanos necesarios para que o mantemento e a divulgación do noso patrimonio sexa posible. Así o volveu demostrar o 27 de decembro do pasado ano.

O 27 de decembro o Consello da Xunta aprobou a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) para a Ribeira Sacra, algo que sería unha boa nova se non fora polas notables deficiencias do decreto. O decreto incluía 70 bens protexidos, pero deixaba fóra 55 elementos patrimoniais que merecían igualmente ser recoñecidos como BIC. Como defende Dieter Moure, presidente da asociación O Sorriso de

CSM-REXISTRO-ugvoluzcWz-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





Daniel, que traballa na protección da arte románica, “non hai románico maior ou menor, hai un único libro do que non convén esgazar ningunha das súas fermosas páxinas. Os máis de 50 edificios románicos que quedaron fóra desa declaración BIC chaman a berros por nós”.

Os 55 bens desprotexidos repártense entre 15 concellos das provincias de Lugo e Ourense: Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Monforte, Nogueira de Ramuín, Pantón, Paradela, Portomarín, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober, Taboada, Parada de Sil, A Teixeira e A Pobra de Trives.

- **Carballedo:** Igrexa de San Miguel de Oleiros, Igrexa de Santa Baia de Aguada, Igrexa de Santa Baia de Búbal, Igrexa de Santiago de Lousada.
- **Chantada:** Igrexa de San Miguel d’O Monte, Igrexa de San Cristovo de Fornas, Igrexa de San Cristovo de Mouricios, Igrexa de San Paio de Muradelle, Igrexa de San Salvador de Brigos, Igrexa de Santa María de Bermún, Igrexa de Santa María de Camporramiro, Igrexa de Santiago de Requeixo.
- **Monforte de Lemos:** Museo de Arte sacra das clarisas (en especial o Calvario medieval proveniente de San Fiz de Cangas), Igrexa de San Pedro de Ribas Altas, Igrexa de San Pedro de Valverde, Igrexa de Santa María de Baamorto
- **O Saviñao:** Igrexa de San Lourenzo de Fión, San Martiño da Cova, San Vitoiro de Ribas de Miño, Santa María de Marrube, San Pedro de Cela.
- **Pantón:** O Cotillón (eremitorio na parroquia de Acedre)
- **Paradela:** Santa María de Ferreiros, Santa María de Vilaragunte.
- **Portomarín.** San Pedro de Portomarín, Santa María de Castromaior e Santa María de Cortapezas
- **Ribas de Sil:** San Clodio, Santa María de Torbeo
- **Sober:** O Priorato de Doade, San Pedro de Canaval, San Vicente de Pinol,





San Xillao de Lobios, Santa María de Amandi, Santa María de Bolmente, Santa María de Proendos, Santo Estevo de Anllo.

- **Taboada:** San Xián de Campo, San Xoán de Bouzoa, Santa María de Castelo, Santa Mariña de Cerdeda, Taboada dos Freires, Santa María de Piñeira, San Mamede da Torre
- **A Pobra de Trives:** Santa Salvador de Sobrado, San Sebastián de Piñeiro.
- **A Teixeira:** Santa María de Abeleda.
- **Castro Caldelas:** San Pedro d'Ó Burgo, San Xoán de Camba, Santa Tegra de Abeleda, San Pedro de Alais.
- **Nogueira de Ramuín:** San Martiño de Nogueira, San Cristovo de Armariz
- **Parada de Sil:** Santa María de Chandrexa.

Máis alá do amparo lexislativo que todos estes bens merecen, cómpre subliñar que para garantir a protección e recuperación do patrimonio precísase máis. Precísase fomentar o aprecio polas nosas expresións culturais e precísase recuperar o rural. En palabras de Ramón Yzquierdo: “O despoboamento do campo é o maior risco que hai para o patrimonio, porque leva a un abandono, o abandono leva ao espolio e o espolio leva á perda”. Consecuentemente, calquera compromiso co noso patrimonio ten que ser, necesariamente, un compromiso co rural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar como bens de interese cultural os 55 elementos patrimoniais mencionados.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:03:32
Nº Registro: 45715
Data envío: 07/02/2019 17:03:32.306



Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 16:53:31

Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 16:53:40

Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 16:53:46

CSX REGISTRO-ugw0zctWs-7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

